

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **22 de decembro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral; don José Manuel Cao Rei
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 12 de decembro de 2014.

Procedeuse á súa aprobación e sinatura.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Policía Local

- Para reparación de martillo de operarios da brigada de sinalización, por importe de 460,95 euros, a favor de **HILTI ESPAÑOLA, S.A.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Urbanismo e Medio Ambiente

- Para reparación dunha canle de mampostería e dun pozo de saneamento municipal na Avda das Fontiñas, por importe de 3.567,19 euros, a favor de **ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Cultura, Turismo, Xuventude e promoción da lingua

- Para a publicación na revista de historia da AEFRH, anuncio turístico, por importe de 847 euros, a favor de **EXCE CONSULTING GROUP.**
- Para a coordinación e xestión da actividade da festa infantil de fin de ano, por importe de 1.994,30 euros, a favor de **ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.U.**

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 22-12-14.doc

Asunto:

- Para a montaxe de 726 postais que compoñen a exposición About Women, deseño, maquetación e impresión de 2.000 dípticos-catálogo, por importe de 1.988,32 euros, a favor de **TA TA TA COMUNICACIÓN**
- Para obradoiros de manualidades tradicionais orientados a temáticas navideñas, por importe de 7.623 euros.

Esta proposta non foi ditaminada, xa que as actividades foron xa realizadas con anterioridade.

- Para pegada de carteis e reparto de flyers da programación do Nadal, por importe de 774,40 euros, a favor de **BUZONEOS DEL NORTE**.
- Para a compra de material para a fabricación e montaxe de estanterías, por importe 854,79 euros, a favor de **MADERAS BESTEIRO**.
- Para a actuación de diferentes corais, por importe de 12.959,18 euros, a favor de **NURIA CARBALLIDO ÁLVAREZ** (paxe real para recollida de cartas dos Reis do 26 de decembro ata o 5 de xaneiro), **ASOCIACIÓN CULTURAL ANI+** (Participación na cabalgata de Reis), **JOSÉ LUIS PRADO GONZÁLEZ** (Impresión carteis, programas, lonas para totems e lonas carpa ArteNadal), **INTE-ANIMA EVENTS** (Animatium); participación na cabalgata de Reis, **AC Microefectos Dramatúrxicos** (participación na cabalgata de Reis), **NOSTRUM CAI TEATRO** (participación na cabalgata de Reis).

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Infraestructuras e obras

- Para a rehabilitación de oficinas na pranta baixa da casa do Concello, por importe de 11.320,52 euros, a favor de **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Oficina Plan Urban

- Para a execución da obra "proyecto de consolidación e exposición ó público das estruturas romanas descubertas no edificio de novas tecnoloxías de lugo, por importe de 3.338 euros, a favor de **ENGOBE ARQUEOLOGÍA, S.L.U.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Para 23 seguros de asistencia en viaxe, accidentes e responsabilidade civil para persoas con seguridade social, por importe de 1.133,20 euros, a favor de **ERV EUROPEA DE SEGUROS, S.A.**
- Para a asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ó obradoiro de formación transversal de “habilidades sociais” da acción formativa “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Benestar Social e Igualdade

- Para a contratación da compañía de monicreques “A Xanela de Maxín”, por importe de 530 euros, a favor de **COMPañÍA DE MONICREQUES “A XANELA DO MAXÍN”**
- Para a compra dun lote de produtos do Nadal para a súa degustación polas persoas usuarias dos centros de convivencia municipal, por importe de 1.196,61 euros, a favor de **GADISA.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Prensa

- Para suscripcións ó diario La Voz de Galicia, s.a., para as sedes do PP, BNG e o gabinete de prensa, por importe de 1.177 euros, a favor de **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Infraestructuras e Medio Rural

- Para a adquisición de árido para o mantemento do pavimento de pistas rurais durante o ano 2015, por importe de 12.900 euros, a favor de **CANTEIRA DE PENEDO, S.A.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.